

NOTIFICACIÓN

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía desta Entidade Local, o 23-09-2021, ditou a resolución con número 149/2021 que deseguido lle notifico:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBAR AS BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO OBRADOIRO DE EMPREGO CAMIÑO DO SOLPOR

EXPEDIENTE:2021/G003/000149

ANTECEDENTES:

Vista a Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG nº 22 do 3 de febreiro de 2021).

Vista a resolución de concesión en relación ao expediente 15/0035/2021 pola que se concede unha subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado OBRADOIRO DE EMPREGO CAMIÑO DO SOLPOR IV polo importe de trescentos corenta e seis mil novecentos corenta e seis euros (346.946,00 euros) coa referida finalidade, para 20 alumnos/as traballadores/as, e cunha duración de 9 meses ao Concello de Dumbría como entidade representante da agrupación de concellos Cee, Corcubión e Dumbría.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar as Bases para a selección do alumnado traballador/a e do persoal directivo, docente e administrativo de apoio do obradoiro dual de emprego Obradoiro de emprego camiño do solpor que constan no expediente, remitilas á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, e expoñelas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite as ofertas de emprego, e nos taboleiros de anuncios e páxinas web dos concellos de Dumbría, Cée e Corcubión.

SEGUNDO: Tendo en conta os decretos de nomeamentos de membros da Comisión de selección realizados polos concellos de Cée e Corcubión, dipoño que a Comisión de selección do alumnado traballador/a e do persoal directivo, docente e administrativo de apoio do Obradoiro, prevista nas bases quede formada polas seguintes persoas:

Presidente: Juan Carlos Santabaya Louzán, AEDL do Concello de Cée

Vocais: María Campos López, AEDL do Concello de Corcubión

Tomé Manuel Freire Blanco, AEDL do Concello de Dumbría

Secretaría: Montserrat Figueroa Rodríguez, auxiliar administrativa do concello de Dumbría.

TERCEIRO: Notificar a presente resolución aos interesados, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que celebre.



CONCELLO
DE
DUMBRÍA
(A Coruña)

Asinado na data que figura á marxe.

O Alcalde

José Manuel Pequeño Castro

O Secretario

Constantino Cobas Coteló

”

Mediante este documento notifícaselle a vostede, pola súa condición de persoa interesada, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O que lle notifico a Vde., advertíndolle que contra o acto anteriormente expresado, que pon fin á vía administrativa, poderá optar, de conformidade co disposto no art. 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, por:

A) Interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde dentro do prazo DUN MES contado dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación, advertíndolle que, segundo o establecido no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, non poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. E consonte o nos parágrafos 1 e 4 do artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa, o prazo para interpoñer o devandito recursos contencioso administrativo, será:

- Se fora expresa a resolución do recurso potestativo de reposición: DOUS MESES contados dende o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición.

B) Interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante os órganos do orde xurisdiccional contencioso administrativo que correspondan, consonte ó disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa, no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación, de conformidade co establecido no artigo 46 da devandita Lei. Non obstante, e se o considera conveniente, poderá exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Asinado na data que figura á marxe

O Secretario

Constantino Cobas Coteló